

Música Libre de Dereitos



Hai moitas páxinas con música libre de dereitos, aquí vanse indicar algunhas das **bibliotecas de audio** máis populares nas que podes atopar **música libre de dereitos de autor** para descargala legalmente.

Toda esta música pódese empregar para diversos propósitos sempre que se respecte a licenza, se a hai.

A gran maioría destas bibliotecas funcionan grazas ás licenzas **Creative Commons**. Algunhas delas permiten o uso comercial destas cancións só mencionando ao autor, outras son de pago, pero hai moitas de balde. Asegúrate de que a música que queres descargar estea dispoñible para o uso específico que queres darlle.


SELECCIÓN DE PORTAIS MÚSICA



Jamendo


Jamendo é unha comunidade creada arredor da música libre, onde os artistas poden cargar a súa música de balde e a súa audiencia pode descargala do mesmo xeito.

É un dos portais de música libre máis populares. Fundado en xaneiro de 2005, o seu número de artistas e álbums aloxados creceu de maneira exponencial dende entón”. Hai moitas cancións e estilos.



Youtube Audio Library


Librería de cancións de Youtube. Muchas de balde e para descargar. Ten unha boa busca de categorías.



Vimeo Music Store

Como YouTube, esta outra rede social de vídeos Vimeo tamén ten un banco de música.


Aínda que a gran maioría teñen un custo, tamén hai moitas cancións libres, gratuítas e listas para descargar. Só tes que rexistrarte. O sistema de busca é moi bo.



Free Music Archive

Creada en 2012 por WFMU, a estación de música independente máis grande dos Estados Unidos.


As cancións pódense descargar libremente, aínda que é conveniente consultar a licenza porque poden estar limitadas ou cumprir certos requisitos para usalas.



Audionautix

O creador de Audionautix, Jason Shaw, asegura que esta biblioteca de musica "é libre (incluso con fins comerciais) sempre que se faga unha ligazón ou mención a este sitio web". Non se precisa permiso adicional.


A busca pódese facer por xéneros musicais, por estados de ánimo e por tempo (lento / medio / rápido). Toda a música publícase baixo a licenza Creative Commons.



Musopen

Se queres poñer **música clásica**, Musopen é a biblioteca perfecta. Recolle parte das composicións de máis dun cento de músicos de renome como Mozart, Beethoven, Tchaikovsky, Bach ou Mendelssohn.


Hai dúas formas de usar este sitio web. Coa de balde, que podes descargar ata cinco cancións ao día, e co de pago paganse uns 55 euros ao ano e as descargas son ilimitadas.



Dig CC Mister

Dig CC Mister é un dos grandes bancos de música gratuítos en Internet. Non chega ao nivel de Jamendo, pero tamén é unha opción interesante para descargar música sen ter problemas legais.


Dá a opción de buscar con todas as licenzas de Creative Commons ou para uso comercial sen pasar pola caixa. Normalmente son cancións de alta calidade compartidas por artistas independentes.



Sound Cloud

Creado en 2007, Sound Cloud ten máis de tres millóns de usuarios. É unha das redes favoritas de música independentes.

Calquera pode crear, compartir e producir a súa música e hai moitos que a deixan libre e lista para descargar coa única opción de citar ao autor. É un dos competidores de Jamendo.



FlashKit ([Sound FX](#) | [Sounds Loops](#))

FlashKit é unha comunidade onde se comparten centos de galerías de material multimedia listo para usar en obras derivadas.

Para a parte de audio, en vez de temas musicais, compártense fragmentos de sons especiais (*Sound Loops*) e efectos musicais (*Sound FX*) debidamente categorizados e listos para descargar e utilizarlos na creación de vídeos ou outras obras.



[Freesound](#)

É un repositorio de música con licenza Creative Commons e efectos de son. Moi interesante.



<https://incompetech.com/music/>

É un banco de música libre. Esta páxina reúne unha gran colección de temas musicais libres, baixo licenza Creative Commons, para descargar.

Podemos buscar calquera melodía mediante o motor de busca do sitio, tamén é posible navegar polas diferentes categorías nas que se organizan as pezas musicais: blues, jazz, latín, contemporáneo, disco, reggae, pop, rock, clásico, africano, electrónico, funk, etc.



<http://magnatune.com/>

Magnatune é un selo discográfico americano que distribúe música por Internet, que se pode escoitar gratuitamente no sitio ou nun reprodutor multimedia compatible a través de streaming.

Usa licenzas Creative Commons, polo que é gratuíto licenciar a súa música con fins non comerciais e teñen prezos diferentes para os distintos usos comerciais. O seu lema é "We are a record label. But we are not evil." (Somos unha discográfica. Pero non somos malvados).